

V CICLO DE CONCERTOS

DO
2017
AUDIBLE

MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS



Presentación

Do Audible é un ciclo de concertos que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha conmoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano. Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os ouvintes. Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

En 2017, o ciclo Do Audible aborda a relación da música coa arte da caligrafía xaponesa, a auga, a zooloxía e o corpo humano. Abrir novos horizontes na creación musical contemporánea. Ese é o obxectivo do ciclo Do Audible, que en 2017 chega á súa quinta edición, organizado pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa intención de seguir creando novos formatos para a experiencia musical. A arte xaponesa da caligrafía, a auga, a evolución animal e as posibilidades sonoras do corpo, en relación co son, centran as catro propostas do ciclo, que arranca o 9 de xuño na Basílica de Santa María a Maior de Pontevedra e que continúa ata novembro en Xinzo de Limia, na Coruña e en Lugo.

Xapón e a arte da caligrafía motivan o primeiro programa do ciclo, *Caligrafía do son*, que conta coa presenza da performer e calígrafa nipoa Aoi Yamaguchi. Aoi Yamaguchi, multipremiada como calígrafa en Xapón, colaborou xa con músicos, compositores de contemporánea, produtores, bailaríns, modelos etc. Na actualidade vive en Berkeley, California, e traballa en instalacións, mostras, performance e deseño gráfico ao redor da caligrafía, mesturando formas tradicionais con estéticas contemporáneas. A Basílica de Santa María a Maior de Pontevedra, a igrexa principal da cidade do Lérez, acolle o espectáculo de Aoi Yamaguchi, acompañado do traballo en videocreación da colaboradora de Vertixe Sonora Masako Hattori, nunha sesión única. *Caligrafía do son* ofrecerá a posibilidade de escoitar por primeira vez en España partituras únicas do compositor Toshio Hosokawa (Hiroshima, 1955): dúas estreas en España, a reestrea dunha partitura de 1981 –perdida e recentemente recuperada–, e a estrea mundial de *Souvenir aus Japan*.

O programa do ciclo Do Audible continuará en Xinzo de Limia o mércores 21 de xuño. O Museo Galego do Entroido acolle o concerto *Memorias líquidas* coa presenza do percusionista brasileiro Luís Bettencourt nun espectáculo que, ademais de lembrarnos a auga como elemento precioso, demostra as súas capacidades como instrumento musical.

A segunda quenda do ciclo Do Audible en 2017 terá lugar no mes de novembro, cos programas *Hibridación*, o día 7 no Paraninfo da Universidade da Coruña, e *Recoller cascallos*, o día 23 na Casa do Saber de Lugo, coa participación do ensemble de Estrasburgo L'imaginaire. O zoólogo Julio Parapar, profesor na Universidade da Coruña e participante nas expedicións da Antártida (Ventart 2003 e Ventart 2006), é o convidado no programa *Hibridación*. Para o último concerto do ciclo Do Audible 2017, o 23 de novembro na Casa de Saber de Lugo, resérvase a que é unha das propostas máis representativas das novas formas de composición e interpretación. L'Imaginaire de Estrasburgo mantén unha posición singular entre os ensembles europeos: traballa coas obras de compositores contemporáneos como o faría un comisario de arte. O programa *Recoller cascallos* presenta por primeira vez en España a obra dos compositores Filippo Perocco (*Detriti da canti precari*), Andrea Sarto (*Toccata*) e Nicolas Mondon (*Trio*).

Ciclo Do Audible 2017

Caligrafía do son

con Aoi Yamaguchi e Masako Hattori

Venres 9 de xuño ás 20:30 h

Basílica de Santa María a Maior, Pontevedra

Colaboran: Vicerreitorado de Pontevedra, Fundación Japón, Casa Galicia-Japón e Departamento de Xaponés das Escolas Oficiais de Idiomas de Vigo e da Coruña

Memorias líquidas

con Luís Bittencourt

Mércores 21 de xuño ás 20:30 h

Museo Galego do Entroido, Xinzo de Limia

Hibridación

Con Julio Parapar, zoólogo

Martes 7 de novembro ás 20:30 h

Paraninfo do Reitorado da Universidade da Coruña

Colabora: Universidade da Coruña

Recoller Cascallos

Con L'imaginaire de Strasburgo

Xoves 23 de novembro ás 20:30 h

Casa do Saber, Lugo

Todos os concertos son gratuitos para o público, ata completar capacidade.

Caligrafía do son

con Aoi Yamaguchi e Masako Hattori

Venres 9 de xuño ás 20:30 h

Basílica de Santa María a Maior, Pontevedra

Colaboran: Vicerreitorado de Pontevedra, Fundación Xapón, Casa Galicia-Xapón e Departamento de Xaponés das Escolas Oficiais de Idiomas de Vigo e da Coruña

PROGRAMA:

T. Hosokawa: *Melodía II* (1977)

T. Hosokawa: *Étude III - Haiku* (2013)*

T. Takemitsu: *Corona I Study for Vibration - Blue*

T. Hosokawa: *Étude V - Anger* (2013)*

T. Takemitsu: *Corona II Study for Intonation - Red*

T. Hosokawa: *Étude VI - Lied* (2013)*

T. Takemitsu: *Corona III Study for Articulation - Yellow*

T. Hosokawa: *Souvenir aus Japan –Sakura–* (2007)**

T. Takemitsu: *Corona IV Study for Expression - Grey*

T. Hosokawa: *Yoru no Kuni* (1981) ***

T. Takemitsu: *Corona V Study for Conversation - White*

*presentación en España

** estrea absoluta

*** reestrea

Aoi Yamaguchi, caligrafía

Masako Hattori, videocreación

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto] Haruna Takebe e David Durán, pianos


“A música é caligrafía que emprega sons pintados no lenzo do silencio”

A partir desta metáfora do compositor xaponés **Toshio Hosokawa**, preséntase un programa no que a arte de tinta da mestra calígrafa Aoi Yamaguchi e a música do propio Hosokawa e do seu mestre Tōru Takemitsu conforman un espectáculo único.

O Shodō (書道), caligrafía xaponesa, é unha das belas artes máis populares no Xapón e posúe un profundo sentido filosófico. Para cada liña e cada punto son moi importantes o seu inicio, a súa dirección, a súa forma e o seu termo; o balance entre todos os elementos, e ata o espazo baleiro entre eles, todo entraña un vasto significado. Aínda que en sentido estrito non se trate máis que de escritura delicada, nas obras caligráficas materialízase un dos principios básicos da estética xaponesa, *owabi sabi* (侘寂), que suxire calidades como a imperdurabilidade, a humildade, a sinxeleza, a asimetría e a rusticidade, entre outras.

Nesta proposta, a arte bidimensional da caligrafía tradicional xaponesa transfórmase na arte da expresión física dunha performance. De Toshio Hosokawa ofreceranse varias presentacións históricas: dúas estreas en España, a reestrea dunha partitura de 1981 –perdida e recentemente recuperada– e a estrea mundial de *Souvenir aus Japan*. Ademais do diálogo entre trazo e son, terá lugar outra intensa conversa entre a música de Hosokawa e a do seu modelo artístico **Tōru Takemitsu**, de quen se escoitará a interpretación da partitura gráfica *Corona for Pianist(s)* (1962), raramente programada.


Sobre a calígrafa Aoy Yamaguchi



Natural de Hokkaido, no Xapón, Aoi Yamaguchi foi adestrada para dominar a arte da caligrafía co Mestre Zuiho Sato desde os 6 anos. Recibiu numerosos galardóns, incluídos primeiros premios do ministerio de educación na *44th Asahi Calligraphy Nationwide School Exhibit*, e na *33rd National Students Calligraphy Exhibition*. Foi seleccionada no ano 2000 para representar o Xapón na China e en sesións de intercambio de caligrafía.

Os traballos de Yamaguchi exploran a xustaposición dos clásicos orientais tradicionais e as expresións artísticas contemporáneas. Tamén transforman a arte bidimensional da caligrafía xaponesa en expresión artística física a través da performance. Colaborou con compañías de danza contemporánea, modelos, percusionistas de Taiko xaponés etc. Tamén participou en proxectos que integran a caligrafía en producións visuais en directo para festivais de música. Actualmente reside en Berkeley, California, onde desenvolve as súas propias instalacións de caligrafía conceptual, exposicións, performances, deseño de logotipos personalizados e traballos para encomendas no ámbito internacional. En todas as facetas da súa carreira persegue a mestura de formas de arte tradicionais con estéticas modernas.

Sobre os compositores Tōru Takemitsu e Toshio Hosokawa



Toshio Hosokawa

As obras para piano de Tōru Takemitsu (武満徹, 1930-1996) e Toshio Hosokawa (細川 俊夫 1955-) son paradigma de arte intercultural, ao integrar aspectos da tradición xaponesa coa arte vangardista occidental precisamente a través do instrumento europeo por antonomasia. Pénsese que o piano é un instrumento creado por e para a música occidental, a partir do sistema de afinación fixo de doce notas, e dun singular timbre que remite a unha concreta (e gran) tradición europea; porén, completamente afastado do ideario sonoro duns compositores con fondas raíces culturais que camiñan por vieiros sonoros verdadeiramente diversos.

Memorias líquidas

con Luís Bittencourt

Mércores 21 de xuño ás 20:30 h

Museo Galego do Entroido, Xinzo de Limia

PROGRAMA:

Tan Dun. *Water Music* (2004) para auga

Luís Bittencourt. *Directionlessness* (2017) para vibráfono, 5 tubos de vidro e electrónica

Vinko Globokar. *Dialog über erde* (1994) para multipercusión

Luís Bittencourt. *Memorias líquidas* (2014) para waterphone solo e live loops

Luís Bittencourt, percusión

En distintos períodos históricos, a auga ten servido de inspiración para poetas, pintores, compositores e filósofos: un dos catro elementos da filosofía de Aristóteles, elemento indispensable no traballo do arquitecto André Le Nôtre no Palacio de Versailles en París e tema de Leonardo da Vinci no libro *Del moto e misura dell'acqua*, onde describe sofisticadas investigacións sobre as propiedades físicas do líquido.

Entre os compositores, hai máis de dous séculos que a auga ten sido musa, fonte de inspiración e medio de traballo para a creación de obras notables. A auga, en estado natural, trae consigo características propias da linguaxe musical ao representar '*a máis frecuente, variada e rica fonte de sons da natureza*' (Luigi Russolo, 1916). O timbre característico xerado pola auga corrente dun río ou mesmo os ritmos producidos pola caída das primeiras pingas de choiva no chan fan da auga, máis do que outros elementos da natureza, a substancia esencialmente musical do mundo.

Memorias líquidas é un concerto con obras para percusión que utilizan a auga como obxecto de exploración artística, sexa de forma simbólica ou mesmo real, a través da manipulación do líquido como instrumento musical. Ademais de lles render unha homenaxe á auga como un elemento precioso para a vida humana e aos compositores que a utilizaron como inspiración para a creación de obras peculiares da música dos séculos XX e XXI, este espectáculo procura instigar a curiosidade e, ao mesmo tempo, contribuír a achegar o público á estética musical contemporánea a través da gran familiaridade que teñen as persoas con este elemento.

Luís Bittencourt

Sobre Luís Bittencourt



Luís Bittencourt é un músico brasileiro nacido en 1981 que reside actualmente no Porto, Portugal. Os seus traballos máis recentes abranguen a música contemporánea e a música experimental. As súas interpretacións integran distintos instrumentos: a percusión orquestral (vibráfono, marimba, multipercusión etc.), a percusión popular e étnica (pandeiro, cuíca, kalimba, bombo legüero etc.), os instrumentos excepcionais como o waterphone e as fontes sonoras experimentais (obxectos do cotián e elementos como a auga, a madeira, a pedra, entre outros).

A guitarra acústica e eléctrica tamén estiveron presentes en boa parte da súa formación e, por iso, son instrumentos que emprega, aínda hoxe, nas súas intervencións. Máis alá da música, Luís Bittencourt ten interese especial nas artes visuais, fotografía, danza e cinema, e procura crear conexións entre estas modalidades e a música, integrando os novos medios e a percusión.

Deu concertos en países como Portugal, España, Italia, Inglaterra, Alemaña, Brasil e Estados Unidos de América. As súas interpretacións inclúen primeiras audicións das súas propias composicións e obras de compositores como Christopher Deane, Tan Dun, Edson Zampronha e Vinko Globokar. Participou en festivais de arte e música contemporánea xunto a Lee Ranaldo e Leah Singer (Sonic Youth), Phill Niblock, Kuniko Kato, Alessandra Pomarico, Ney Rosauro, Helga Davis, Katherine Liberovskaya, Jeffrey Zeigler (Kronos Quartet), Alegre Corrêa, David Sheppard, Paola Prestini, Sound Found Nation, Jon Rose, Alf Hossaini, Gabriel Prokofiev (Non Classical), David Cossin (Bang on a Can), Miquel Bernat & Drumming GP, Srosh Ensemble, Angélica Salvi, Mina Tindle, Oh Petroleum ou Emily Hall, entre outros.

Luís Bittencourt tamén procura desenvolver un traballo que engloba a composición e a improvisación. Xa compuxo e interpretou ao vivo bandas sonoras para espectáculos teatrais e creacións específicas para danza contemporánea. As súas obras buscan combinar o refinamento dos timbres da música erudita contemporánea coa enerxía performativa de xéneros musicais como o rock, o jazz e o minimalismo.

Ademais da súa actividade como solista, forma parte dos grupos N.O.F.P. (Nova Orquestra Futurista do Porto) e Srosh Ensemble, ambos dedicados á música experimental contemporánea, do Ensemble de Gamelão da Casa da Música (música tradicional da Indonesia), de Tríptico (trío instrumental dedicado á música popular da América Latina) e dun proxecto en dúo coa arpista Angélica Salvi.

Hibridación

Con Julio Parapar, zoólogo

Martes 7 de novembro ás 20:30 h

Parainfo do Reitorado da Universidade da Coruña

Colabora: Universidade da Coruña



Maisonhaute, solista de Tana

Todos os organismos vivos da Terra evolucionaron dun último antepasado común universal que existiu hai entre 3.800 e 3.500 millóns de anos. De feito, esta evolución é o proceso característico da materia viva, e as especies actuais (coa súa riqueza relativa e niveis de complexidade biolóxica) son un estado puntual nese proceso: o produto dunha longa serie de eventos de especiación e de extinción. Foi Darwin quen en 1859 publicou no seu libro *A orixe das especies* as evidencias do mecanismo de cambio (selección natural) que esclarece a transformación. Os poliquetos, xa presentes hai máis de 500 millóns de anos nos primeiros estadios da cadea evolutiva, están entre os máis primitivos organismos vivos coñecidos e aínda hoxe habitan os océanos. **Julio Parapar**, profesor titular de Zooloxía da UDC e participante nas expedicións da Antártida (Ventart 2003 e Ventart 2006), explicará a súa enorme beleza e diversidade.

Tamén os instrumentos musicais actuais son *estados evolucionados* dun principio vibratorio orixinal. Fabricantes de instrumentos, inventores, compositores, intérpretes traballan conxuntamente apurando os límites físicos, acústicos e tecnolóxicos, perfilando achados sonoros, posibilitando novas estéticas musicais... Os instrumentos híbridos son estadios finais na sorte de mutacións acústicas que nos acompaña desde a orixe dos tempos.

Coa intervención física de instrumentos acústicos (aos que lles incorporan suplementos tecnolóxicos que lles permitan relacionarse dun modo máis orgánico en contextos electroacústicos), compositores como Juan Arroyo ou Abel Paúl ensanchan as posibilidades sonoras dos instrumentos desde a deformación do xesto, do espazo e do timbre instrumental (modificando as características sonoras previas de cada instrumento e a propia relación entre intérprete e instrumento). Esta variedade de procesos que regulan a intimidade de instrumentos acústicos e procesos electrónicos e dixitais coñécese como hibridación.

Acompañando a charla do profesor Parapar, o programa musical presenta dúas formas de hibridación: *Saturnian Songs* de Juan Arroyo para conxunto e violoncello híbrido (estrea mundial completa), coa participación da solista do Cuarteto Tana **Jeanne Maisonhaute**; e *Room & Elbow* de **Abel Paúl**, estreada por Vertixe Sonora no Auditorio400 do Museo Reina Sofía e gañadora do XXVII Premio Jóvenes Intérpretes da Fundación SGAE-CNDM 2016.

Recoller cascallos

Con L'Imaginaire de Strasburgo

Xoves 23 de novembro ás 20:30 h

Casa do Saber, Lugo



Ensemble L'Imaginaire

L'Imaginaire de Estrasburgo mantén unha posición singular entre os ensembles europeos: traballa coas obras de compositores contemporáneos como o faría un comisario de arte, pensando os proxectos en detalle, para interpretalos da mellor maneira e integralos no seu repertorio. É un grupo no que os creadores atopan intérpretes entregados, dispostos a desenvolver novos conceptos musicais como parte dunha acción colectiva.

Neste concerto, *Recoller cascallos*, os compositores son Filippo Perocco, Andrea Sarto e Nicolas Mondon. **Filippo Perocco** (1973) é un dos compositores italianos máis importantes da súa xeración. A súa peza *Detriti da canti precari* caracterízase por un devir fragmentado, no que os elementos do conxunto instrumental se dividen en partes, conectados a unha sonoridade fráxil. A presenza do músico, o espazo e o sentimento temporal desconectado da peza forman parte dunha dramaturxia musical que conxuga unha forma rapsódica cunha escritura detallada. **Andrea Sarto** (1979) compuxo *Toccata para L'Imaginaire* en 2016. Concibiu a peza sobre a idea do xesto musical; a repetición dos movementos físicos xeran ruídos e sons complexos. Xunto aos movementos do corpo, as respiracións regulares dos músicos tamén forman parte da estrutura da peza, que se relaciona coa esencia mesma da fisioloxía da produción sonora. Por último, **Nicolas Mondon** escribiu *Trio* tamén en 2016. Nesta peza para piano, frauta e saxofón, o piano utilízase como elemento crucial do conxunto: a multifonía, os perfís melódicos e os ritmos forman parte dun rico e colorido vocabulario musical que evoca a John Cage, Lachenmann e Pesson. Esas pezas forman parte da produción musical máis contemporánea e dan unha mostra importante das novas tendencias na composición.

VERTIXE SONORA



Vertixe Sonora Ensemble. Foto de Pablo Prados

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas. O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

galicia

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
prensa.cultura.educacion@xunta.gal
Telf. 981 957 350 / 981 544 490

vertixe sonora

